

## Carta aos lectores

**O** mundo atravesará unha zona de turbulencias da que, probablemente, sairá transformado en profundidade, acentuando emerxencias e decadencias e plasmando reaxustes estratéxicos non soamente nos planos financeiros e económicos, senón tamén políticos, tanto a nivel rexional como global. Barack Obama, á fronte da presidencia de EEUU, encara o dobre e difícil reto de mellorar a imaxe universal da aínda superpotencia aceptando e xestionando unha multipolaridade cada día máis efectiva que mingua o seu liderado e reforza a significación do multilateralismo como modelo viable e necesario para afrontar os grandes desafíos mundiais.

Cando o derrube do muro de Berlín en 1989 fixaba o horizonte dun mundo sen Leste, a vertixinosa transformación experimentada dende entón pola sociedade internacional abéiranos, vinte anos despois, a unha nova reformulación dos puntos político-cardinais marcados pola transferencia de riqueza e de poder económico do Oeste cara un Leste que recupera, baixo outras coordenadas, a Moscova como un referente que se alonga ata o Oriente asiático. O medre do poder de Rusia nos últimos anos segue lastrado polo reducido desenvolvemento e diversificación do seu modelo produtivo, escasamente integrado na economía mundial, pero a súa riqueza e capacidade tecnolóxico-militar segue constituíndo un factor de primeira orde que non se pode desprezar. En canto a China, a crise actual suxire un escenario de transformación profunda do seu modelo económico con implicacións sociais e políticas de alcance para os próximos anos, ao que deberíamos engadir a transcendencia do factor taiwanés, en plena evolución. Pero en Asia non se aceptará doadamente un liderado chinés sen que faga concesións a un esquema de seguridade rexional que incorpore a outros actores clave como Xapón, India ou Corea do Sur.

¿Un mundo sen Oeste? Oriente seguiu un camiño diferente ao de Occidente para desenvolverse. O capitalismo de Estado, con forte presenza nos sectores estratéxicos e con niveis apreciables de intervención na economía, predomina con clareza sobre a dinámica asentada na absolutización da primacía do sector privado, de xeito que, no político, os matices autoritarios sobrepoñense tamén aos estritamente democráticos. E novas alianzas xeopolíticas plasman esa peculiar realidade na que a condución dos asuntos mundiais, paradoxalmente, afirma tendencias máis participativas e democráticas, dando lugar a unha nova arquitectura global.

Mirar cara esa Asia que está reordenando o mundo é tamén importante para Galicia. Nós, no IGADI, vímolos facendo dende hai tempo, pero cómpre un impulso institucional efectivo e non meramente propagandístico, cunha sólida perspectiva do longo prazo, integrador das iniciativas públicas e privadas, capaz de formular estratexias varias pero en si mesmo complementarias con ese horizonte xeopolítico. En realidade, é a mesma distancia de aquí para alá que dalá para aquí,

*pero a pesar das evidentes asimetrías en medios e recursos, a nosa posición semella máis desfavorable. No novo tempo político que se abrirá despois das eleccións autonómicas compriría priorizar o factor exterior alentando un salto cualitativo que teña máis en conta esas claves de futuro e quizais menos o cultivo das raíces nun pasado que hoxe nos predispón a xerar máis disensos ca consensos. O mundo cambia. Nós debemos cambiar con el. Chegando a tempo e sen retrasos nin distraementos. Podemos facelo en hora.*

*O director.*